



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# A OPINIÓN DO TALLER

Vigo, 20 de Outubro de 2011

Neste Centro, as Quendas de Traballo sempre contaron cun horario estable (8 horas) así como dunha distribución dos correspondentes descansos regulados durante a xornada, cando menos nas Liñas con autonomía restrinxida. Ante a decisión da Dirección de aplicar a Variabilidade nunha das Quendas do Día (Quenda B Sistema II), debemos ter en conta que, foi coa entrada da Quenda da Noite, onde por primeira vez, se habilitaba unha Quenda de Traballo con apertura variable cunha distribución irregular da xornada, para unha maior capacidade produtiva, así como para dar resposta ás demandas produtivas, tal e como así consta no Documento Específico "*Funcionamento da Quenda de Producción Especial de Noite*".

Pois ben, dende a C.I.G., somos conscientes que, para poder facer fronte a situación "económica" na que estamos inmersos, grazas os especuladores financeiros, agora, somos os traballadores/as os que temos que afrontar medidas paliativas, nos Centros de Traballo, para poder afrontar esta travesía. Pero, na C.I.G., sempre defendemos que estas deben contar coa suficiente argumentación e garantías de que non sexan utilizadas para cargar sobre as costas dos traballadores/as toda a responsabilidade.

Dicimos isto porque, para a C.I.G., a pretensión da Dirección é modificar as regras establecidas e acordadas co Comité de Empresa, así como intentar que esta medida quede instalada no tempo. En lugar de seguir hipotecando o futuro do esforzo e compromiso acadado cos traballadores/as con contrato a tempo parcial *¿como é que, a Dirección, non se compromete a poñerlle data de regreso a normalidade?, ¿por qué non asume o compromiso de seguir respectando as novacións dos contratos segundo van quedando postos de xubilados na Quenda do día?. -Se o que se pretende é reducir a xornada durante a semana e ó mesmo tempo traballar sábados e algún domingo, isto ten nome propio "integrar a Flexibilidade Laboral nas Quendas do Día":*

Por iso, a C.I.G., ante a postura de "NON A QUENDA VARIABLE", ademais de formalizar as correspondentes reclamacións ante a *Paritaria de Conflictos, Inspección de Traballo, Departamento de Prevención así como formular a correspondente Demanda ante o Xulgado*, entendemos que, ó mesmo tempo, e previo a calquera medida de participación, a Plantilla debera ratificar se comparte, ou non, a nosa decisión. Para a C.I.G. a opinión do conxunto dos traballadores/as é o máis importante, máximo ante medidas que veñen a marcar un antes e un despois nas condicións laborais.

*Para votar RECORTADE unha das dúas opcións, estas serán recollidas polos postos de traballo logo da parada do bocadillo. O reconto final levarase a cabo na última parada das 3 Quendas en cada un dos Sistemas e Talleres seguintes, Montaxe ( M-1 UEP15; M-2 UEP61). Sillería e CKD's (UEP22). Pintura e Ferraxe Nave E ( UEP Abrentes) Masillas e Ferraxe 01 (UEP Laterais )*

# Si

A QUENDA VARIABLE

# NON

A QUENDA VARIABLE